

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE AGOSTO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de agosto de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, por substitución da Vicesecretaria, don Rafael José del Barrio Berbel, e a Interventora Xeral en funcións, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E ASUNTOS XERAIS.- Aprobouse a contratación da obra "Pasarela peonil no carril do Xuízo". Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Expte. Ref. 2021-C002-000045.

Así mesmo aprobouse a contratación mediante catro lotes dun servizo de organización, programación, desenvolvemento, execución, divulgación e difusión de accións formativas a realizar para a mellora da empregabilidade das persoas, dentro da estratexia global de dinamización, reconstrución e reactivación da economía local (2021/2022) no municipio de Lugo. Expte. Ref. 2021/C003/000007. Adxudicación.

2. PERSOAL.- Desestimouse o recurso de alzada interposto o día 9 de maio de 2021, en relación ao proceso selectivo dunha praza de Enxeñeiro de Camiños do Concello de Lugo, mediante promoción interna (OEP 2016), segundo a convocatoria realizada por Decreto número 19005018 do 6 de xuño de 2019, do Concello de Lugo.

3. FACENDA LOCAL.- Regularizáronse as situacións tributarias en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ó denegarse as licenzas de obras presentadas.

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

4. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Aprobáronse as seguintes licenzas: para execución dun muro de contención na rúa río Lea, número 4; para instalación de

ACTAS E GOBERNO

RBB/cal

Refª: ispac4267179343348710130.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-8-2021

porche para ampliación de edificación de carácter tradicional, con licenza de actividade para restaurante 34/2013, no núcleo rural de Mesón de Crecente, número 4, San Pedro de Mera (Expte. 2021/Y001/000048); para substitución de dous ascensores na edificación sita na avenida Garabolos, número 1 (Expte.: 2021/G004/000687) e para parcelamento dunha parcela en tres parcelas, sita no núcleo rural de Nadela-Seoane-Airexe-Pena.

ÁREA DE ALCALDÍA

5. ACTAS E GOBERNO.- Rectificouse o erro no acordo 14/364 da Xunta de Goberno Local do 9 de xuño de 2021, relativo á adxudicación de bens ao Excmo. Concello de Lugo en pago de débedas non cubertas.

ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

6. CASA DA MULLER.- Aprobáronse as bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da promoción da igualdade de xénero, no fomento do deporte feminino, ocio e actividades culturais, que fomenten a integración da muller ou na promoción, a orientación, o asesoramento e a formación sobre dereitos humanos en materia LGTBI+ e sobre diversidade sexual e de xénero. Exercicio económico 2021.

Fóra da orde do día tratouse o seguinte asunto:

7. EDUCACIÓN.- Aprobouse a modificación das bases polas que se regula a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso escolar 2021-2022, no que atinxe á comisión de valoración que resolverá o procedemento de concesión destas axudas.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.